

ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2021/3	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «Aprobación definitiva do orzamento municipal para o exercicio 2021»
<b>Data</b>	15 de abril de 2021
<b>Duración</b>	Desde as 9:40 ata as 11:16 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos
<b>Presidida por</b>	María Dolores Castiñeira Alén
<b>Secretaria</b>	Berta Alonso Soto

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	NON
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ



Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ
<b>Escusas de asistencia presentadas:</b>	
1. Ana Cristina Pérez Cabaleiro: «Motivos laborais»	

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Expediente 319/2021. Aprobación definitiva do orzamento municipal para o exercizo 2021.

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 7, En contra: 5,

Abstencións: 0, Ausentes: 0

**Sra. Pereira González:** Bo día a todos a todas e a veciñanza que nos ve dende a súas casas, iniciamos este pleno extraordinario coa proposta de aprobación definitiva do orzamento para o 2021, un orzamento de 6.000.000€ que foi aprobado en sesión plenaria inicialmente o 25 de febreiro, publicouse no Boletín Oficial da Provincia o 4 de marzo para sometelo a un período de exposición pública de 15 días e durante eses 15 días se reciben once alegacións, alegacións de Jerónimo Fernández Vicente en representación de CSIF, Joaquín Núñez Troncoso en representación do Partido Popular, Emilio Núñez Troncoso en representación CCOO e oito empregados municipais: Emilio Núñez Troncoso, María Nilsa Suárez González, Ana M<sup>a</sup> Pérez Rodríguez, José Núñez Troncoso, Pablo González Urceira, M<sup>a</sup> Isabel Estévez Pazo, David Ricón Castro e Beatriz Fernández Alonso.

Estas once alegacións foron informadas pola interventora municipal e en base a ese informe procedemos á estimación ou desestimación delas. Vou a agrupalas, porque as oito alegacións dos empregados empregadas municipais xunto coa de CCOO son practicamente idénticas e versan sobre o anexo de persoal tanto funcionario como sobre o anexo de persoal laboral e estas nove alegacións se van a estimar, vaise a ter en conta esta petición. Xa se explicou no seu momento, a RPT e o orzamento estaban levando unha tramitación practicamente paralela e polo tanto decidimos, pareceunos acaído, consideramos que era oportuno no orzamento plasmar xa o cadro resultante do cadro da RPT. De feito, cando se trouxo a aprobación inicial do orzamento, xa a RPT



estaba aprobada inicialmente, ben é certo que agora os procesos no tempo se están separando, o orzamento xa está listo para a súa aprobación e a RPT a día de hoxe aínda non, polo tanto procedemos a modificar o cadro atendendo a estas peticións e contemplar o anexo de persoal tal como se recollía nos exercicios anteriores co incremento pertinente. Agora ben, esta modificación é simplemente do cadro de anexo de persoal, non afecta ao capítulo 1, non afecta porque xa se contemplaban os salarios tal como están a día de hoxe, máis os incrementos que puideran resultar da RPT, máis as prazas de nova creación ou que non están cubertas, pois que se consignaban por unha pequena parte de tempo. Por iso, o capítulo 1 incrementaba en máis de 150.000€ respecto do exercicio anterior, porque xa se contemplaba o que tiñamos e os posibles incrementos que fora haber. Polo tanto, toda esta modificación do cadro do anexo non afecta ao capítulo 1, se vai a proceder a modificar e no momento que se aprobe a RPT dentro de 15 días, nun mes ou dous meses, se volve a modificar o anexo para traelo acorde ao cadro de persoal resultante de esa RPT.

Iso en canto ás alegacións referidas ao anexo de persoal que tamén o Partido Popular recollía nun apartado esa petición. En canto ao resto de alegacións, é a terceira vez que me toca defender un orzamento en pleno e é a terceira vez que vou a repetir as causas de alegación ao orzamento. As causas de alegación ao orzamento están taxadas na lei, son moi concretas e son tres: que o procedemento non se axuste á legalidade, que non exista crédito para facer fronte ás obrigas do Concello e que os ingresos sexan manifestamente inferiores aos gastos, polo tanto, ningunha das nove alegacións que presentaba o Partido Popular son estes supostos. Entramos a valoralas se queredes, había tres referidas a insuficiencia de gastos, a interventora lle explica tamén por terceira, cuarta, quinta vez que o crédito se ve a nivel vinculación e si é certo que vostedes contemplaron un apartado nas súas alegacións que poñen que a nivel vinculación non hai crédito, pero é que para iso non serve poñer tres partidas a nivel vinculación, hai que ver a bolsa completa de vinculación, non dúas partidas concretas. O quinto e o sexto son propostas de reparto de orzamento, sobre o anexo de inversión e sobre o anexo de nominativas.

Os motivos de alegación ao orzamento son tan concretos porque precisamente a disposición do crédito entre as distintas áreas é unha competencia de quen está gobernando, de quen vai a xestionar ese; se vostedes propoñen outra forma de reparto de subvencións, este goberno, este equipo de goberno considera que o que temos é axeitado e o que fixemos este ano foi incrementar o número de asociacións e na medidas do posible se incrementarán sempre que o nivel de ingresos o permita, se incrementarán se hai peticións e senón se incrementarán os importe,s pero o sistema nós consideramos que é axeitado.

Do mesmo xeito o reparto de anexo de inversións son unhas obras que este goberno considera que imos a facer nesta lexislatura. Está ben que vostedes fagan propostas pero no son unha causa de alegación ao orzamento. En canto ao oitavo, os 800.000€ de incremento na previsión da recadación do IBI, informouno a interventora



inicialmente no primeiro expediente do orzamento, informouno nas súas alegacións e non contentos con ese informe, solicitaron unha aclaración ou motivación e se volveu a informar sobre esta cuestión. Coa información que nós manexamos, coa documentación que nós temos, podemos prever un aumento de ingresos de en torno a 800.000€ o orzamento é unha previsión é nos estamos en condicións de estimar ou de prever este incremento de 800.000€, o informe sobre esta previsión é favorable no inicio do expediente, o informe sobre a reclamación que vostedes fan dille a interventora que non ten cabida e no terceiro informe que volve a emitir volve a repetir o mesmo. En canto ao punto noveno que incluíron despois e que era referente ao anexo de persoal, como xa digo si se vai a ter en conta.

En canto as alegacións presentadas por Jerónimo Amable Fernández Vicente en representación do CSIF, se pode resumir, por unha banda saltarse gravemente o procedemento e omitir o crédito necesario, os dous termos son informados, o procedemento non se saltou en ningún momento, o expediente ten informe favorable de secretaría o procedemento cumpriuse en todo momento e o crédito necesario pois novamente o mesmo, o crédito se ve a nivel vinculación e a nivel vinculación si existe crédito.

Polo tanto, das once alegación presentadas se teñen en conta nove integramente e das outras dúas se teñen en conta ao referido ao anexo de persoal e se desestiman en base ao informe de intervención todas as demais.

**Sr. Núñez Troncoso:** Bos días, estamos ante unhas reclamación ao orzamento 2021 que baten o récord, once reclamacións ao orzamento, o nunca visto neste Concello, que di moito da elaboración deste orzamento. O noso grupo presentou unha serie de alegacións en aras de mellorar ese orzamento e como ben sendo habitual, pois se desestiman. No documento que presentamos, mencionamos unha serie de partidas importante, ademais tendo en conta a situación na que nos atopamos e por exemplo, vou citar un par , hai moitas, pero o tempo é o que é con este regulamento mordaza que temos: limpeza viaria, se ve que non é necesaria para o goberno non é unha partida importante, teñen no orzamento 40.000€ no primeiro semestre do ano pasado xa se gastaran 70.000€, claramente insuficiente; alumeadado público, no orzamento figuran 200.000€, no primeiro trimestre do 2020 gastáronse 188.000, practicamente en medio ano estaría consumida esa partid; limpeza e aseo parques e xardíns, teñen no orzamento 1.210€, no primeiro semestre do ano pasado se gastaron 3500€. Estas son algunhas das partidas con vinculación 1.2. Vinculación 1.2 que como recollen as bases de execución do orzamento non hai crédito suficiente, e dicimos que non hai crédito suficiente porque as obrigacións son recoñecidas do 2019, que é o último documento que temos, gastáronse 992.207€ e neste orzamento se contempla 922.390 € polo tanto 70.000€ menos, por iso dicimos que non hai crédito suficiente e é motivo de reclamación. Fagan vostedes as contas a ver se lle dan eses número ou non lle dan.



Outra vinculación, 3.2 limpeza e aseo colexios, teñen no orzamento 25.000€, no primeiro semestre do 2020 gastaron practicamente o dobre, 49.500€, claramente insuficiente. Limpeza e aseo instalacións deportivas, teñen no orzamento 8.900€, no primeiro semestre do 2020 se gastaron 16.800€, claramente insuficiente polo tanto outra vinculación que hai insuficiencia de crédito. Nas obrigacións recoñecidas do 2019 esta vinculación tiña 675.250€, no orzamento do 2021 ten 649.692€, 26.000€ menos por iso dicimos que hai insuficiencia de crédito e por iso é un dos motivos da reclamación que presentamos e é motivo de reclamación. Anexo de subvencións, vimos dicindo ano tras ano que o anexo de subvencións no que respecta a centros culturais é a mesma cantidade dende o 2016, si ben é certo que este 2021 as actividades dos centros culturais non se reduciron moito pola situación que temos, pero si que propoñemos que esas asignación tiveran un baremo, un baremo que podía ser o número de socios e socias que ten o centro cultural ou o número de actividades que se realizan, pero o que contempla o goberno é a todos os centros culturais igual, fagan mais, fagan menos actividades. Contemplabamos, solicitabamos unha subvención, sabemos que en Salceda hai dúas asociacións de comerciantes ACISA e asociación de comerciantes Tabernanova, o goberno contempla 900€ de subvención para ACISA e non contempla nin un céntimo para a outra asociación que hai no Concello a Asociación de Comerciantes A Tabernanova, nós contemplábase tamén 900€ si ben é certo que o número de socios non son os mesmos pero creo que algo máis de 0 euros se lle podía asignar.

Pedíamos un plan de axudas aos sectores afectados pola COVID, hostalería, perruquerías, etc... que por certo, como xa hai en moitos Concellos, estas tres propostas temos claro que non son motivo de reclamación, pero ben di o informe de intervención que estas propostas responden a criterios de oportunidade política, é dicir, se a Alcaldesa ou o goberno tiveran interese, vontade de incorporalas, se incorporarían, pero cando non hai interese, nin vontade, loxicamente non incorporan e por iso desestiman a proposta.

Investimentos, contemplan vostedes investimentos de 491.000€ un investimento que non é real porque o 49% dese investimento, 240.800€, se van a destinar a pagar facturas, pufos que vostedes deixaron do 2020 sen pagar, polo tanto non se van a investir no 2021 os 491.000€ senón a metade practicamente. Pedíamos tamén que se dera prioridade e de feito é unha prioridade para nós, e de feito hai parroquias que a día de hoxe non teñen nin un metro lineal de saneamento, que se incrementara a partida de saneamento que teñen contemplado, 25.000€, cantidade irrisoria, cando digo iso non me refiro aos colectores xerais senón a pequenos ramais que hai moita necesidade deles.

Respecto á reclamación oitava, IB,I 800.000€ ou mais, seguimos pensando que isto é motivo de reclamación, están ocultando información a este grupo e polo tanto aos veciños. O 14.02.2020 a Alcaldesa que suscribe e firma o informe económico financeiro di "*os ingresos a percibir en concepto de impostos de Bens Inmóveis de*

*Natureza Urbana IBI representan un incremento de 800.000€ respecto dos ingresos previstos polo mesmo concepto no orzamento do exercicio de 2020, a razón deste incremento na previsión de ingresos do IBI de natureza urbana, está no inicio do procedemento simplificado de valoración catastral no Concello que ten a efectos tributarios dende o 1 de xaneiro de 2016, polo que aumentáronse considerablemente as cantidades consignadas no exercicio anterior aínda que optase por asumir un criterio de prudencia financeira e non consignar a totalidade dos importes".* Xa me está dicindo que como mínimo van a ser 800.000€ pero poden ser 900.000€ ou pode ser 1.000.000€ ou millón e pico, pero como mínimo van ser 800.000€ que se lle van a quitar dos bolsillos dos nosos veciños. 800.000€ como mínimo "que se estiman recadar efectivamente no exercicio, segundo a información aportada pola Xerencia Territorial de catastro de Pontevedra". Iso é o que nos día a Alcaldesa o 14. 02.2021. Nove días máis tarde a Alcaldesa contesta a unha solicitude deste grupo dicíndonos "que o Concello non conta cun documento que certifique a base imponible/valor catastral do imposto do 2021". Ou sexa, por un lado nos está dicindo segundo a información aportada pola Xerencia do Catastro e nove días máis tarde nos di que non hai ningún documento que avale ese ingreso que teñen consignado. Se isto non é ocultar información, xa nos explicaran que é. Por tanto nós seguimos mantendo que este é motivo de reclamación máis que de sobra sobre este orzamento, outra cousa é que nos estean ocultando documentación e que non nos queiran facilitar esa documentación que segundo vostedes din nun principio que si hai e despois que non hai.

A Concelleira de área di que hai correos electrónicos, pedimos que se incorporen ao expediente e non se incorporan, pois dirán vostedes ocultación, máis claro auga. Alcaldesa, vostede está mentindo hoxe, di unha cousa firmando un documento e está dicindo nove días máis tarde todo o contrario. Decía a Concelleira de área, Lucía, no último pleno que o IBI non muda, pero como que non muda o IBI? Entón o que vamos a pagar os veciños que é, o valor catastral non sube, segue mantendo o mesmo, o IBI non muda e o valor catastral non sube? A nós non fai falta que nolo explique, explíquello aos veciños.

**Sra. Tourón González:** Bos días a todos e todas e tamén a veciñanza que nos está vendo dende a súas casas. O que traemos hoxe aquí é a aprobación definitiva do Orzamento municipal para o exercicio 2021, creo que o debate dos orzamentos xa se produciu no último pleno ordinario e corresponde neste momento dar resposta as alegacións para a súa aprobación definitiva que é o que acaba de facer a compañeira de área Lucía. Como comentou presentáronse once escritos de alegacións, do Partido Popular, CSIF, CCOO e oito de persoal do Concello. Como comentaba a compañeira, as oito de persoal se estimaron totalmente máis a parte do anexo de persoal ao que se referían parcialmente as alegacións do Partido Popular, CSIF e CCOO, polo tanto creo que esa parte xa aclarou ela. No informe de intervención se explica claramente porqué non se estiman as do Partido Popular, os compañeiros e compañeiras do Partido Popular saben ou deberían saber despois de tanto tempo que hai tres causas



de alegacións aos orzamentos, as marca o artigo 170 e polo tanto son desestimadas en base a el. Comentaba que a nivel vinculación ou non vinculación se había orzamento, se había crédito suficiente, eu creo que hai que confiar no informe que fai o servizo de intervención, que di precisamente que hai crédito a nivel vinculación, eu non teño dúbidas de que o servizo de intervención fai o seu traballo correctamente, polo tanto eu creo que o orzamento pasou todos os trámites necesarios, cumpríronse os prazos, teñen os informe pertinentes co cal creo que está elaborado conforme a Lei e estamos no momento de aprobar este orzamento para o exercicio de 2021, tan necesario.

Creo que hai que facer fincapé na importancia que ten aprobar un orzamento nun Concello. Todos sabemos, os trece membros da Corporación que estamos aquí, que o orzamento é necesario aprobalo para seguir prestando servizos a veciñanza de forma correcta e necesaria, e máis nos tempos que estamos vivindo, que necesitamos moitos servizos máis para facer fronte a esta pandemia. Creo que o Partido Popular é consciente diso tamén, é consciente o Partido Popular de que este orzamentos sofren un aumento totalmente necesario en partidas tan importantes como Servizos Sociais, Ensino ou Fomento do Emprego, co cal, repito, son totalmente necesarios; é e consciente desta importancia porque lembro que durante a última lexislatura, pleno tras pleno, instaban a que o Goberno local presentase orzamentos, xusto con este discurso que acabo de facer eu, lembrando a importancia que ten aprobación os orzamentos para a veciñanza. A miña pregunta para o Partido Popular é si agora xa non son tan necesarios os orzamentos, se agora xa non consideran que o que estamos a facer hoxe aquí, que é aprobación definitiva do orzamento para este exercicio 2021, non é tan importante? Se tampouco lle parece importante que as entidades que reciben subvencións as reciban, se agora votando en contra non queren aprobar estes orzamentos para que estas entidades que precisan o diñeiro o reciban, non sei se agora non considera tan importante como o consideraban na lexislatura anterior.

En canto a subvencións, soamente se inclúe unha subvención a unha asociación de comerciantes de Salceda, á Asociación de Comerciantes e Industriais de Salceda, non se inclúe unha subvención a asociación de Tabernanova, eu como Concelleira de área falei co Presidente da asociación, el mesmo sabe cales son os motivos e o principal é que non está inscrita no rexistro de asociacións do Concello de Salceda e creo que o traballo como Concelleira de Comercio nesa parte se fixo totalmente. En canto ao importe de apoio aos sectores máis implicados, en breve se traerá ou se dará conta do proceso para o reparto dese 1% que a Deputación de Pontevedra da aos Concellos para que se faga a distribución entre os sectores máis afectados. En canto a saneamento xa non vou a entrar porque me parece incluso un pouco falta de respecto cando di “non falo de colectores xerais falo de pequenos tramos”, claro que fala de pequenos tramos porque se fala de colectores xerais ao mellor ten que dicir e falar do importe que a Xunta devolveu para colectores xerais para Soutelo e Entenza, pero aí xa non interesa tanto falar. Como dicía antes, o Partido Popular pasou toda

unha lexislatura pedindo que se trouxeran orzamentos anuais pero resulta que agora que traemos orzamentos cada ano, xa van tres nestes últimos menos de dous anos, resulta que o documento xa non lle parece tan importante e encima non lle gusta ningún, porque este é o terceiro que traemos e non lle gusta nada de ningún dos tres. Só me da que pensar que o Partido Popular non é capaz nunca de traballar en positivo, con ansia de axudar e arrimar o ombreiro e o único que quere é paralizar a acción deste equipo de goberno e isto é o que está a facer hoxe aquí. Eu como portavoz do grupo socialista e tamén podo estendelo ao resto do equipo de goberno, convido ao Partido Popular a cambiar de estratexia para tentar arrimar o ombreiro para mellora Salceda nun momento que o precisa, nun momento dos máis importantes quizás dos últimos anos da nosa historia e deixar de poñer estorbos continuamente para que as cousas que propón este goberno municipal non saían adiante. O único que fai unha vez máis o Partido Popular é intentar frear o traballo deste equipo de goberno, polo cal eu lle pido que voten a favor, apoien estes orzamentos que son tan necesarios para Salceda, tan necesarios para estas persoas que vostedes tamén representan.

**Sra. Pereira González:** Eu intento ser bastante clara e sintética cando fago as miñas exposicións, non só para que me entendan vostedes que lles presumo un nivel de coñecemento sobre o funcionamento da administración, senón tamén para que a veciñanza entenda o que estamos a falar, non sempre é fácil, porque a realidade das administracións e os conceptos son ben diferentes do que se vive no día a día das vidas privadas, pero a veces parece bastante máis fácil que o entenda a veciñanza a que o entenda vostede, cousa que me parece complicada cando ademais foi Concelleiro de Facenda, creo máis ben que quere facer que non o entende e pretende así dar a entender outras cousas. Voulle repetir un par de cuestións: Cando fala de vinculación, cando falamos de vinculación, non significa poñer tres partidas, significa que hai que ver a bolsa enteira de vinculación, todos os gastos que hai nesas partidas que están vinculadas, non por poñer un cadro con sete liñas está confirmando vostede a vinculación. Se o expediente ten informe favorable de intervención, se a interventora lle di que a nivel vinculación si que hai crédito, será que o hai, e en canto ao incremento previsto de 800.000€ o mesmo, hai correos, hai conversas telefónicas e hai comunicacións escritas, hai moitas cousas pero no expediente está o que ten que estar e hai novamente, insisto, informe favorable de intervención. Están ben que a labor da oposición sexa fiscalizar ao goberno, estou de acordo con iso, agora fiscalizar ao órgano de fiscalización deste Concello si que non, hai informes favorables de intervención sobre este asunto, hai informe favorable de secretaría e hai dous informes a maiores de intervención sobre estas cuestións que vostedes pretenden dicir que son causa de alegación e que o orzamento está mal. O orzamento como ben dicía Verónica é unha ferramenta fundamental para a xestión do día a día un Concello, é tan fundamental que vostedes o que pretenden é bloquealo e empantanalos porque estas solicitudes de informe ao final o que pretende era ralentizar as cousas. Fala das subvencións, incluímos sete novas asociacións, comprenderá vostede que o orzamento non da para máis, non podemos estiralos máis, ou incluímos novas ou aumentamos



contía, este ano optamos por engadir novas porque eran peticións que se viñan reiterando dende hai tempo e que non podíamos facelo ata agora porque tínhamos un plan de axuste que non nolo permitía e no momento que puidemos incluimos as que levaban tempo solicitando ser incluídas neste listado.

Plan de axudas COVID, este Concello terao igual que o terán os demais, non se preocupe, non está previsto no orzamento porque non vai ser financiado con fondos propios pero terao igual que o terán outros Concellos, un plan de axudas COVID grazas a aportación da Deputación. En canto a que as facturas de inversión non son reais, deixe de dicir iso, xa o dixo no pleno de aprobación inicial, claro que son reais, porque non son reais? Non están feitas acaso? Non se van a facer? Son reais. Recordarlle que o expediente ten informes favorables de Secretaría e de Intervención novamente e que si o expediente está informado favorablemente non atopamos impedimento para aprobalo.

**Sr. Núñez Troncoso:** Dicía Verónica cinguirse ao punto, eu creo que falamos en todo momento da reclamación ao orzamento, respecto do orzamento de gastos e orzamento de ingresos, como pode ser a partida que vostedes consignan de IBI, que eu saiba doutra cousa non falamos. Opcións de consenso, vostedes plantexaron a este grupo maioritario chegar a un acordo sobre os orzamentos? Dende que levan vostedes no goberno dende o 2007 nin unha acción, nin nos chamaron a unha reunión para pedirnos unha opinión, nin nada polo estilo, que nos din de opcións de consenso. Apoiar os orzamentos me di vostede, Verónica, pero como vamos apoiar os orzamentos se están esquilmando aos veciños 1.000.000€? como vamos a apoiar ese orzamento? Explíquemo vostede.

As causas de alegacións xa sabemos, aquí hai alegacións que están contempladas dentro do artigo 170 da Lei e outras son propostas que se poden incorporar ao orzamento se vostedes queren. Falamos do anexo de subvencións, para vostedes non é importante que se incorpore ao expediente un plan de axudas, como dicía antes, aos sectores afectados pola COVID, para vostedes iso non é importante, incluír unha partida de axuda a asociación de comerciantes de Tabernanova non é importante, regular as subvencións que se dan aos centros culturais non é importante, incrementar a partida de inversión en alcantarillado non é importante, entón que é importante para vostedes? Gastar en publicidade, iso é importante? Gastar 95.000€ en publicidade e propaganda iso é o que é importante para vostedes do orzamento? E seguimos insistindo para nós é unha prioridade número un o alcantarillado, o saneamento, para vostedes non é unha prioridade. Din vostedes da Xunta, pero se vostedes mesmo o Partido Socialista - Movemento Salceda aínda votaron en contra dunha moción que presentou este grupo para a apoiar á Xunta na súa reclamación para que o Estado lle dera 200 millóns de euros pendentes da recadación do IVE do 2018, do IVE que nos recaudaron a todos os galegos e a todos os salcedenses. Ao mellor podíanos tocar un millón de euros ou máis ou menos pero era un IVE que se recaudou aos veciños de Salceda e vostedes lles deu igual, co medo do seu amigo

Sánchez. Voten o que teñan que votar e déixense de instrucións de partido, procuren buscar o interese dos veciños. Cambiar a estratexia, a nosa estratexia foi sempre a mesma, o noso planteamento respecto aos orzamentos foi sempre o mesmo, quen cambiou foron vostedes, vostedes si cambiaron e moito, só hai que ver un informe que hai con respecto aos orzamento do 2016, onde pedían reducir a partida de publicidade e propaganda un 75% e o que fixeron foi mantela nos 95.000€. Sevizos sociais, a maior parte deste incremento vai destinada a pagarlle as facturas que teñen pendentes ca empresa que presta o servizos de axuda no fogar, un porcentaxe alto é para poñerse ao día con esa empresa.

Lucía, nos xa dixemos que o orzamento a nivel vinculación 3.2 e 1.2 é insuficiente e o dixemos as operacións recoñecidas do 2019 o importe e o que plantexan no orzamento é insuficiente, fagan vostedes os número, o cadro que fixemos é o cadro de sempre, agora se vostedes nos dan todo o tempo que necesitamos igual desglosamos partida por partida as cento e pico partidas que ten a vinculación 1.2.

No IBI seguimos dicindo o mesmo, vostedes din que teñen información, que problema teñen en subila ao expediente e que este grupo teña acceso a esa información? Cal é o problema? Vostede di que ten correos electrónicos, a Alcaldesa que ten informe da Xerencia do Catastro, despois nos di que non hai ningún documento que avale iso. Acláranse primeiro, hai información ou non hai? E si hai cal é o problema en subila ao expediente? Empantanar intervención, dicía vostede, por pedir un segundo informe, mire, primeiro quen ten que motivar e quen propón é quen propón é a Alcaldesa, e a reclamación quinta e octava estaba sen motivar por iso pedimos unha ampliación da motivación. Que a Alcaldesa plantexe ou faga unha providencia e que intervención emita un informe me parece correcto, pero primeiro quen ten que motivar é a Alcaldesa. Nós non estamos poñendo en tela de xuízo o traballo de intervención nin moito menos, e este que lle fala nunca pon en tela de xuízo nin en dúbida o traballo dos traballadores, das traballadoras, calquera tipo de traballo, nunca o puxo en dúbida, outra cousa é que non poidamos discrepar, claro que podemos discrepar, pero agora xamais este que lle fala puxo en dúbida o traballo dunha persoa sexa na área que sexa, polo tanto mida ben as palabras que di.

Factura de inversión, eu non dixen que non foran reais, eu dixen que a inversión que vostedes contemplan no orzamento non é real non que as facturas non foran reais, ollo non manipule o dato, digo que non é real no exercicio 2021 porque o 49% do que figura no anexo de inversión son para pagar facturas - pufos que deixaron sen pagar no ano 2020, iso foi o que dixen, xamais dixen que as facturas foran falsas.

**Sra. Tourón Domínguez:** O compañeiro Joaquín do Partido Popular, di que non pon en dúbida os informes ou o traballo do servizo de intervención, eu creo que o está poñendo en dúbida cando lle está dicindo o informe de intervención que hai crédito a nivel vinculación e vostede di intervención tras intervención que non existe ese crédito, eu creo que iso si é poñer en dúbida o traballo dun servizo técnico. Creo que



o que dixeron vostedes en relación coas asociacións é importante pero tamén é moi importante o resto do orzamento, por iso traemos aquí a aprobación definitiva do exercicio 2021, pero é a vostedes a quen non lle parece tan importante que se inclúa esa cantidade que vostede di para axuda no fogar para poder pagarlle a empresa. Non lle debe parecer tan importante que se inclúan moitos outros gastos como por exemplo de fomento de emprego, non lle debe parecer importante nada porque hoxe o que o Partido Popular esta propoñendo aquí é votar en contra para que o orzamento non saía adiante, co cal entendo que o que menos lle interesa ao Partido Popular é o interese dos veciños tal como dicía el. Segundo vostede non nos importa a nós, pero a nós si nos importa e si gobernamos para poder seguir prestando servizos a veciñanza e por iso traemos aquí o orzamento. Aclaro que a Xunta si devolveu ese diñeiro para os colectores xerais do saneamento e si que en ningún momento dende entón eu mirei unha reclamación ao Partido Popular pedíndolle á Xunta ese saneamento tan necesario para Salceda e que agora nos está reclamando nestes orzamentos municipais.

Insisto, os informes son favorables, este documento pasou todos os trámites necesarios, estamos en disposición de aprobar o orzamento definitivo para este ano 2021, co cal isto é o que traemos hoxe aquí, creo que o Partido Popular só pretende bloquear a acción do goberno e calquera iniciativa que parta deste equipo, co cal o voto do Partido Socialista vai ser a favor. Espero que estes orzamentos saian adiante hoxe polo ben da veciñanza de Salceda.

**Sra. Pereira González:** En canto a inversión eu non falei de facturas, vostede dixo que a inversión non é real, e eu lle digo que si é real e non son pufos, son obras realizadas e obras de inversión. Din que non pediron un informe de intervención senón unha motivación, nós as alegacións as estimamos ou as desestimamos en función do informe de intervención, en función do que o informe diga, quen foi facendo referencia a todos os puntos foi a interventora no seu informe, vostedes din que non está suficientemente fundamentado pois a interventora emite un novo informe, polo tanto teñen tres informes da interventora. Gostaría que deixaran de utilizar termos como esquilmar aos veciños, irlle aos bolsillos aos veciños, este Concello non se inventou nada, neste Concello non se cobra ningún imposto inventado por nós nin que non se pague en ningún outro Concello, e saben perfectamente que a carga impositiva en Salceda tampouco é alta. O proceso de valoración catastral realizouno unilateralmente o Catastro e vai a repercutir na recadación do IBI deste Concello, pero non nos estamos inventando nada e sobre todo non utilice termos como irlle aos bolsillos aos veciños ou esquilmar porque non son apropiados.

Vamos a aprobar un orzamento de 6.001.431,80 €, un orzamento que incrementa en máis de 500.000€ a partida de servizos sociais, un orzamento que inclúe sete novas asociacións no listado subvencións nominativas e unha partida de 30.000€ para as traídas de augas, un orzamento que contempla máis de 500.000€ de inversión e en definitiva un orzamento que nos permitirá realizar este exercicio e as accións que este



gobierno ten previsto levar a cabo.

**Sr. Nuñez Troncoso:** Non sei se a Sra. Verónica leu os informes de intervención ou leu as nosas reclamacións, o informe de intervención fai mención, se refire a alegación cuarta que é o cadro que vostede di, claro respecto das cinco ou seis contas que hai nese cadro non é suficiente pero acto seguido pomos na reclamación quinta que a nivel vinculación 1.2 3.2 non hai crédito suficiente e cando falamos a nivel vinculación, non hai que sumar todas as contas que entran nesa vinculación, xo o dixen antes e non hai, a interventora a interpretación que creemos nós que fai é respecto á reclamación cuarta ao cadro. Eu lle pediría que antes de dicir o que dixi que lea tanto a reclamación nosa como os informes de intervención, e cando pedimos unha ampliación de motivación é porque a reclamación quinta e octava estaban sen motivar, non creo que sexa, como din vostedes, paralizar a administración. N

ós non é que queiramos votar en contra dos orzamentos, votamos en contra que queiran esquilmar aos veciños e o digo a veces que sexan necesarias, esquilmar aos veciños un millón de euros, din vostedes que é para ter máis servizos que van a desfrutar os veciños, tamén podíamos ter un praia en Salceda pero a conta de quen? Podemos abrir ao mar e traemos un praia para Salceda pero a conta de quen? Dos bolsillos dos veciños, de esquilmar aos veciños. Lucia di que nós dixemos que a inversión non era real, non é real a do 2021 porque vostedes poñen 450.000€, non é real porque esa cantidade non se vai a investir no 2021, gastouse parte, 50% máis ou menos, no 2020 e quedaron as facturas sen pagar por iso agora van con cargo ao orzamento de 2021, polo tanto no 2021 se vai a gastar a metade máis ou menos 240.000€, iso foi o que dixemos, non dixemos que había facturas falsas nin nada polo estilo, dixemos que a inversión real non van ser 450.000€ senón que vai ser a metade.

Vostedes din que lle fan caso aos informe, cando queren fanlle caso, cando no non, lle fan caso segundo vai o tema, non nos veña vostede agora que lles fai caso aos informes de intervención, cando lle apetece fai caso e cando no pois no. Respecto do IBI, o IBI é un imposto compartido, catastro e concello, pero que fixeron vostedes para paralizar ese procedemento? Nada de nada de nada, nin un bando nin unha publicación nada de nada de nada.

**Sra. Tourón Domínguez:** Cánsome de repetir o mesmo, sobre todo cando sei que a outra parte me está entendendo perfectamente porque foi Concelleiro de Facenda, repetirme sobre algo que sei que o entenden pero que quere facer que non o entende ou quere que a veciñanza entenda unha cousa que non é. Agora ademais de poñer en dúbida o traballo de intervención, tamén pon en dúbida se eu lin ou non, voulle ler una frase do informe de intervención *“respecto desta alegación dicir que o crédito verificase a nivel vinculación e polo tanto a este nivel existe crédito suficiente nas distintas partidas orzamentarias”* iso di a interventora, non o di esta Concelleira. Non o vou a repetir pois como digo foi Concelleiro de Facenda, sabe perfectamente e o único que está intentando é confundir á xente. En canto traer a praia ou non, o

Partido Popular xa propuxo un parque acuático a beira do Río Caselas, unha vez máis, sentidiño.

**Sra. Alcaldesa:** A exposición da compañeira Lucía a verdade é que foi como sempre excelente, correcta, seria e rigorosa, que é o que queren escoitar os veciños e as veciñas. Gustaríame pedirvos unha vez máis que vos sumedes e que aprobades este orzamento do 2021 co voto a favor de toda a Corporación por unanimidade. Sabedes perfectamente a necesidade e o importante que é un documento deste tipo que en por primeira vez en menos de dous anos se traen tres orzamentos á aprobación, creo que lle debemos a Salceda que o documento máis importante para a xestión de un Concello se aprobe por maioría. Un orzamento que repito, vostedes sempre destacan as partes negativas de todo, que ben sabe que nós non somos perfectos nin perfectas, temos moitos erros e estamos aquí para facelo o mellor posible e seguro que cometemos erros, pero neste caso teño que sacar peito, sentirme orgullosa de levar a diante un orzamento que é o maior da historia de Salceda. Falamos de máis de seis millóns de euros que vai permitir dar servizos a veciñanza, e incluso cumprir cos moitos rogos, coas moitas preguntas, moitas solicitudes que proceden do Partido Popular. Algún día lles traerei a esta sesión plenaria todas as súas solicitudes, o importe de delas e o número. É necesario ter orzamentos para atender estas necesidades, todas das que falan vostedes e que ademais concordamos na súa gran maioría, saneamento, asfaltado de estradas, moitas veces estamos de acordo coas súas peticións, pero para iso é necesario ter orzamentos, orzamento de seis millóns de euros como estes, o maior da historia de Salceda, que nos permite ademais duplicar o gasto social, tan importante para nós e para as políticas que desenrola este goberno, novas subvencións, ademais de manter, a pesar da falla de actividades dos colectivos sociais durante esta crise, seguimos mantendo o importe das subvencións e ademais incrementamos novas subvencións e creemos que debido que ben merecido por parte de Protección Civil, da Escola de Denis Suarez, da Asociación de Mulleres Rurais, ACISA, AFAGA, Asociación Trece Catorce. Estou segura de que todos e todas concordamos e si todos levabamos nos nosos programas esa liña de axuda as traída de augas e si vamos a realizar inversión con fondos propios para saneamento dentro da nosa capacidade orzamentaria, levamos realizado un gasto de máis de 250.000€ en saneamento no que vai desta lexislatura, ogallá a nosa capacidade fose superior e que ogallá puidésemos ter ese millón de euros que é necesario para o saneamento de Soutelo, a miña parroquia e ese millón de euros que fai falla para o saneamento de Entenza.

Lles pido que apoiem este documento e deixen de dicir unha e outra vez de maneira sistemática que este goberno gasta 95.000€ en publicidade e propaganda, repito por enésima vez, esa partida chámase así publicidade e propaganda, son convenios con diferentes medios que se asina en cada un dos Concellos, vostede si algún día gobernan vai deixar de facelo? Ademais saben que hai partidas específicas aos patrocinios dos deportistas do noso concello, a escuderías. Repítole e outra vez por que terxiversan o título desa partida, publicidade e propaganda, para enganar a xente

como si este goberno non repartise de maneira ecuánime e xusta e facendo unha labor económica moi importante e destaco labor, a labor de todo o departamento de intervención, de secretaría e agora de tesourería coa incorporación da nova tesoureira habilitada, dirixidos por Lucía, está sendo excepcional e eu creo que así vai a seguir a ser.

O que quero é que entendades que aquí estamos para sumar, que podedes facer política de fiscalización e de oposición que estades no voso lugar, é moi estraña a veces, é moi estraña ademais tendo en conta que non sei si son quince ou vinte anos os que leva Joaquín de Concelleiro neste Concello, escoitalle facer certas críticas ou desinformar á veciñanza cando sabe como son os procesos, porque os viviu, os dirixiu, porque creo que leva máis tempo aquí que ningún de nós, de todos e todas os que estamos aquí presentes. A verdade é que me doe porque creo que hai que facer outro tipo de política e máis dende a política local, eu débome cen por cen a Salceda, a miña veciñanza, non teño intereses de partido e voules pedir o mesmo a vostedes e que xuntos sexamos quen de sacar este orzamento adiante.

**Sr. González Souto:** Comentar dos puntos, a nós gustaríanos votar a favor dos orzamentos pero sempre poñen o foco na oposición como o culpable e eu quería dicir que a nós non se nos chamou en ningún momento para axudar a aportar ideas para o orzamento, nunca, nada, ningunha reunión queixanse de que plantexamos alegacións, home, se nos presentan un orzamento que é o que se vai a traer a pleno e non participamos para nada, que pretenden que fagamos nós? Se nós non participamos na elaboración dos orzamentos é normal que cando nos presenten o documento haxa cousas coas que non esteamos de acordo pero é lícito, non somos tan malos como nos queren pintar é máis, votaremos en contra porque sexamos realistas, vai a ter que haber unha modificación orzamentaria, quero dicir, este orzamento xa non é viable, vamos a aprobalo agora pero coas medidas que propuxo no pleno extraordinario solicitado no 25 de marzo de modificar o pago da retroactividade do IBI o que vai a pasar é que este orzamento vai a haber que modificalo xa, polo tanto nós estabamos a favor en principio de contar con ese ingreso de 800.000€

**Sra. Alcaldesa:** Con respecto ao que dicías, once alegacións presentadas nove aceptadas e dúas non estimadas, home, se non hai consenso non sei como lle chamaría, se vostede non lle chama consenso a que neste orzamento que teñen cabida moitísimas das súas peticións, tanto expostas nesta sesión plenaria como escritas por rexistro, eu non sei o que é consenso. Seanalizamos en profundidade o orzamento e vemos que seguramente que no 75% do destino do diñeiro da capacidade que ten este Concello estou segura de que coincidiríamos, si iso non é consenso nos dende longo escoitamos e atendemos moitísimas das peticións que nos trasladan tras vía plenaria e doutras maneiras. Paso a ler a proposta, seguinte:

**"PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA**

*Aprobado en sesión extraordinaria do pleno de 25 de febreiro de 2021 o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2021, así como as súas Bases de Execución e o cadro de persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.*

*Publicado anuncio de aprobación inicial no BOPPO núm. 43 de data 04.03.2022 e publicado a Orzamento e os seus anexos na sede electrónica do Concello desde o mesmo día.*

*Presentadas en tempo e forma as seguintes reclamacións ao orzamento:*

<u>Nº REXISTRO</u>	<u>DATA</u>	<u>INTERESADO</u>
2021-E-RE-384	17/03/2021	Jerónimo Fernández Vicente(CSIF)
2021-E-RE-421	24/03/2021	Joaquín Núñez Troncoso (PP)
2021-E-RE-446	26/03/2021	Emilio Núñez Troncoso
2021-E-RE-447	26/03/2021	Emilio Núñez Troncoso (CCOO)
2021-E-RE-450	26/03/2021	María Nilsa Suárez González
2021-E-RC-1326	26/03/2021	Ana María Pérez Rodríguez
2021-E-RC-1327	26/03/2021	José Manuel Núñez Troncoso
2021-E-RC-1325	26/03/2021	Pablo González Urceira
2021-E-RC-1324	26/03/2021	María Isabel Estévez Pazo
2021-E-RC-1323	26/03/2021	David Ricón Castro
2021-E-RC-1321	26/03/2021	Beatriz Fernández Alonso

*Visto o Informe de Intervención núm. 2021-0057 de data 7 de abril sobre a as reclamacións presentadas así coma o informe núm. 2021-0058 de data 12 de abril que ven a dar resposta á petición formulada polo Grupo do PP no seu escrito de data 90.04.2021 (Rex. Núm. 2021-E-RE-530).*

*Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Facenda de data 12.04.20201.*

*Vista a competencia plenaria para a aprobación do orzamento municipal, segundo o exposto no artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*

**PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.** *Estimar, polos motivos expostos no Informe de núm. 2021-0057, as alegacións referidas aos importes salariais reflectidos no anexo de persoal,*

modificando en consecuencia o cadro de persoal neste extremo.

SEGUNDO. Desestimar, polos motivos expostos no Informe de Intervención núm. 2021-0057 e núm. 2021-0058, as alegacións presentadas por:

- Joaquín Núñez Troncoso (GRUPO PP), a excepción da alegación relativa ao anexo de persoal que resulta estimada de conformidade eco disposto no apartado 1º da presente proposta.
- Jerónimo Fernández Vicente (CSIF Union Provincia Pontevedra), a excepción da alegación relativa ao anexo de persoal que resulta estimada de conformidade eco disposto no apartado 1º da presente proposta.

TERCEIRO. Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

#### ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impostos directos	2.277.500,00
2	Impostos indirectos	50.000,00
3	Tasas e outros ingresos	648.340,00
4	Transferencias correntes	3.022.591,80
5	Ingresos patrimoniais	3.000,00
OP. CORRENT		6.001.431,80
6	Enaxenación de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
OP. CAPITAL		0,00
TOTAL PTO.		6.001.431,80

#### ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal	1.820.569,30
2	Gastos de bens correntes e servizos	3.193.741,40
3	Gastos financeiros	9.600,00
4	Transferencias correntes	332.188,11
OP. CORRENT		5.356.098,81



6	Investimentos reais	491.749,23
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	153.583,76
OP. CAPITAL		645.332,99
TOTAL PTO.		6.001.431,80

CUARTO. Aprobar definitivamente o cadro de persoal modificado, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

QUINTO. Notificar o presente acordo aos interesados que presentasen alegacións, xunto co informe de Intervención núm. 2021-0057.”

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (3) e CINCO votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte

**ACORDO:**

PRIMEIRO. Estimar, polos motivos expostos no Informe de núm. 2021-0057, as alegacións referidas aos importes salariais reflectidos no anexo de persoal, modificando en consecuencia o cadro de persoal neste extremo.

SEGUNDO. Desestimar, polos motivos expostos no Informe de Intervención núm. 2021-0057 e núm. 2021-0058, as alegacións presentadas por:

- Joaquín Núñez Troncoso (GRUPO PP), a excepción da alegación relativa ao anexo de persoal que resulta estimada de conformidade co disposto no apartado 1º da presente proposta.
- Jerónimo Fernández Vicente (CSIF Unión Provincia Pontevedra), a excepción da alegación relativa ao anexo de persoal que resulta estimada de conformidade co disposto no apartado 1º da presente proposta.

TERCEIRO. Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
----------	--------------	---------

1	Impostos directos	2.277.500,00
2	Impostos indirectos	50.000,00
3	Tasas e outros ingresos	648.340,00
4	Transferencias correntes	3.022.591,80
5	Ingresos patrimoniais	3.000,00
OP. CORRENT		6.001.431,80
6	Enaxenación de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
OP. CAPITAL		0,00
TOTAL PTO.		6.001.431,80

#### ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal	1.820.569,30
2	Gastos de bens correntes e servicios	3.193.741,40
3	Gastos financeiros	9.600,00
4	Transferencias correntes	332188,11
OP. CORRENT		5.356.098,81
6	Investimentos reais	491.749,23
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	153.583,76
OP. CAPITAL		645.332,99
TOTAL PTO.		6.001.431,80

CUARTO. Aprobar definitivamente o cadro de persoal modificado, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

QUINTO. Notificar o presente acordo aos interesados que presentasen alegacións, xunto co informe de Intervención núm. 2021-0057.

**Expediente 355/2021. Delegación da instrución do procedemento sancionador en materia de tráfico na Deputación Provincial-ORAL**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Ordinaria

A favor: 7,

Abstencións: 5,

**Sra. Pereira González:** Trátase dunha cuestión de xestión, o ORAL como sabedes é o organismo de recadación das administracións locais na que a maior parte dos Concellos temos delegada a competencia de recadación e neste caso concreto falamos do procedemento sancionador das multas de tráfico. Ata agora tiñamos delegada a competencia da recadación tanto en período voluntario como en executivo e ademais se viñan prestando tarefas de colaboración en canto ao proceso, froito da reestruturación e ampliación de servizos que se están levando a cabo o 30 de xaneiro do ano pasado aprobouse un regulamento de colaboración en materia de sancións tráfico que nos permite que os concellos deleguemos tamén no ORAL a competencia instrutora. Consideramos que imos sumarnos a esta delegación, vamos a delegar o proceso completo no ORAL, porque ademais cambia o sistema de tramitación e implicaría estar nunha aplicación, estar pendentes dos expedientes que cheguen a esa outra aplicación, polo que por unha cuestión de axilidade consideramos que debemos sumarnos a esta delegación competencias.

O expediente ten informe de Secretaría favorable, a competencia é deste pleno para aprobar a delegación. Por certo, no escrito nos dicían que a principio de abril, cando chegou estabamos convocando pleno ordinario e non nos deu tempo a introduci-lo naquel pleno e a principios de abril chamaron que o día último sería o 15 e polo tanto hoxe, tan pronto rematemos o pleno, temos que enviar o certificado desta delegación porque senón as sancións que se tramiten entre este días, entre hoxe e cando chegue o certificado teríamos que ver como se tramitarían.

**Sr. Núñez Troncoso:** Este é un procedemento máis de recadación que vai estar delegado no ORAL, como están todos. O que queríamos saber, porque aquí non ven tanto no acordo do ORAL como na proposta de Alcaldía, as condicións económicas deste acordo? Canto vai costar ao Concello ceder a recadación neste suposto? Despois vemos que no acordo do ORAL figura como persoa instrutora José Luis González Rodríguez, non sabemos quen é esa persoa, que nos saibamos non traballa no Concello.

**Sr. Tourón González:** É unha cuestión de trámite, de axilidade da cuestións, están delegados outros procedementos no ORAL co cal non vemos inconveniente para non delegar este procedemento.

**Sra. Pereira González:** A delegación da recadación xa estaba feita ata agora, o único que amplía é a tramitación, agora van a levar a instrución pero non se amplía, non modifica. Estabas preguntando conto nos vai costar, non hai modificación. Isto non incrementa a porcentaxe porque a recadación xa estaba delegada, non supón



modificación das condicións económicas pero como no resto de cuestións o ORAL cobra 1,5 de xestión e 3,5 en total, un 5% pero xa estaba delegada a competencia de recadación. En canto á persoa que estaba nomeada, José Luis González Rodríguez, sabe perfectamente quen é, antigo Concelleiro, no seu momento nomeouse e non houbo modificación.

**Sr. Nuñez Troncoso:** Nos alegramos que dixera a porcentaxe, tanto problema había en dicir o porcentaxe? E que non sei porqué queren ocultar ese dato, vostede di o 5% e non o estamos poñendo en dúbida que é o que estabamos preguntando. Respecto ao instrutor agora sei quen é o que non me imaxinaba eu, era que ía a mirar unha proposta de ORAL de acordo no que o instrutor ía a ser un ex concelleiro, isto di moito de como traen os expedientes vostedes ao pleno e que xa non é a primeira vez, vostedes traen expedientes como si nada, isto está no expediente que non o inventamos nós, como este xa levamos bastantes expedientes que veñen a pleno con informes de Ponte Caldelas, a vostedes tanto lle da o suben a sede electrónica, nin unha visual lle votan, espero que modifiquen ao instrutor.

**Alcaldesa:** Deixe de dicir Ponte Caldelas que ademais foi un erro da persoa funcionaria que no seu momento e todos cometemos erros ou vostede no? De verdade que vostede é quen defende aos departamentos e aos seus funcionarios e funcionarias, foi un erro, como cometemos moitos e vostede tamén.

**Sr. Pereira González:** Creo que non entendeu o que traemos hoxe a pleno, o ORAL nos envía unha comunicación na que nos di que amplían competencias e que a partir de agora se poden encargar eles da instrución dos procesos, se nós delegamos esa competencia, que ata o de agora a instrución era nosa e que a persoa última que eles teñen de referencia de instrución e José Luis González Rodríguez, non é que nós traíamos hoxe unha proposta para delegar un antigo Concelleiro, non metemos un documento equivocado, esa é a información que nos traslada o ORAL, que o último nomeamento que eles teñen de instrutor é ese concelleiro e se queremos que continúe esa persoa, se queremos dicirlle quen vai ser o instrutor ou se que queremos delegar a competencia, e o que traemos hoxe ao pleno é delegar a competencia instrutora, a partir de agora a instrución a vai levar o ORAL.

**Sr. Núñez Troncoso:** Eu dígolle o que pon aquí “no seu Concello aparece nomeada a persoa instrutora José Luis González Rodríguez”, se non vai ser esta persoa o normal é acompañar un Decreto, un erro do funcionario de acordo, ninguén di o contrario, pero a súa obriga é comprobar a documentación que van a Pleno, digo eu, vostedes traen un expediente a pleno e non o comprobán a documentación que ven? A que lle dedican o tempo? É un erro pero vostedes teñen un erro tras erro por non comprobar a documentación, erro tras erro.

**Sra. Alcaldesa:** Dou lectura a proposta para a súa aprobación:

*“O texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, atribúe aos entes locais determinadas facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación tanto de tributos propios como dos restantes ingresos de Dereito público e, ao mesmo tempo, permite a súa delegación noutras entidades locais en cuxo territorio estean integradas.*

*A complexidade que a realización destas tarefas comporta, así como a súa relevancia dentro do máis amplo ámbito da Facenda Local, aconsella a utilización de fórmulas que permitan un eficaz e adecuado exercicio das facultades mencionadas, dentro dos sistemas que para este fin prevé a lexislación local aplicable.*

*Desde o 1 de xaneiro de 1994 a Deputación Provincial de Pontevedra, a través do ORAL (o seu órgano de xestión tributaria e catastral), exerce as facultades delegadas cunha eficacia en aumento progresivo ao longo dos anos, tal e como o entenderon a inmensa maioría dos concellos da provincia que xa delegaron ou veñen ampliando as delegacións efectuadas a novos ingresos públicos municipais.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2021-0011 sobre o procedemento a seguir e a lexislación aplicable.*

*Á vista do descrito, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Delegar na Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL, de acordo co vixente Regulamento de prestación do servizo de colaboración no procedemento sancionador en materia de tráfico dO ORAL da Deputación Provincial de Pontevedra, publicado no BOPP nº 20, de 30 de xaneiro de 2020, de conformidade co disposto nos artigos 84.2 e 4 da Lei de Tráfico de 2015 (Real Decreto Legislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial) e o artigo 15.3 do Real Decreto 320/1994, de 25 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, a fase instrutora do procedemento sancionador nas multas de tráfico.*

*A presente delegación ven a complementar a acordada con anterioridade por este Pleno e que tiña por obxecto a delegación da recadación voluntaria e executiva das multas de tráfico e a colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de multas de tráfico, dende o comezo do procedemento sancionador co boletín de denuncia ata o inicio do proceso recadatorio. Quedan deste xeito delegadas as facultades de xestión integral das multas de tráfico na Deputación de Pontevedra-ORAL.*

*SEGUNDO.- As condicións económicas serán as contidas no acordo de delegación á que este complementa e que se especifica no apartado anterior.*

TERCEIRO.- O contido deste acordo, unha vez aceptado polo Pleno da Deputación de Pontevedra e publicado en extracto no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o día seguinte a súa preceptiva publicación Diario Oficial de Galicia.

*Esta delegación complementa e terá a mesma vixencia que a acordada con anterioridade por este Pleno co obxecto de delegar a recadación voluntaria e executiva das multas de tráfico.*

CUARTO.- *Facultar á Alcaldía para a sinatura da documentación que sexa necesaria para a execución do presente acordo."*

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (3) e CINCO ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Delegar na Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL, de acordo co vixente Regulamento de prestación do servizo de colaboración no procedemento sancionador en materia de tráfico dO ORAL da Deputación Provincial de Pontevedra, publicado no BOPP nº 20, de 30 de xaneiro de 2020, de conformidade co disposto nos artigos 84.2 e 4 da Lei de Tráfico de 2015 (Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria) e o artigo 15.3 do Real Decreto 320/1994, de 25 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, a fase instrutora do procedemento sancionador nas multas de tráfico.

A presente delegación ven a complementar a acordada con anterioridade por este Pleno e que tiña por obxecto a delegación da recadación voluntaria e executiva das multas de tráfico e a colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de multas de tráfico, dende o comezo do procedemento sancionador co boletín de denuncia ata o inicio do proceso recadatorio. Quedan deste xeito delegadas as facultades de xestión integral das multas de tráfico na Deputación de Pontevedra-ORAL.

SEGUNDO.- As condicións económicas serán as contidas no acordo de delegación á que este complementa e que se especifica no apartado anterior.

TERCEIRO.- O contido deste acordo, unha vez aceptado polo Pleno da Deputación de Pontevedra e publicado en extracto no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o día seguinte a súa preceptiva publicación Diario Oficial de Galicia.

Esta delegación complementa e terá a mesma vixencia que a acordada con anterioridade por este Pleno co obxecto de delegar a recadación voluntaria e executiva das multas de tráfico.

CUARTO.- Facultar á Alcaldía para a sinatura da documentación que sexa necesaria para a execución do presente acordo.

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

